



Concello de Cangas

**CONVOCATORIA DE AXUDAS A SECTORES ECONÓMICOS AFECTADOS POLA
PANDEMIA DA COVID-19 NO ÁMBITO DO MUNICIPIO DE CANGAS.**

OBXECTO E NATUREZA.

A COVID-19 provocou unha fonda recesión económica no conxunto do Estado e, en particular, no noso concello, unha situación sanitaria sen precedentes e con claras repercusións na economía e tecido empresarial, que levou a todo tipo de entidades públicas e privadas, cada unha delas no ámbito das súas competencias, a intentar establecer mecanismos de compensación para atender ás múltiples necesidades xeradas por esta pandemia nos diversos sectores afectados.

De acordo co exposto, é de vital importancia que o conxunto da sociedade e moi en particular os poderes públicos e as administracións públicas adopten medidas e realicen actuacións encamiñadas a paliar no posible os efectos desta pandemia. Neste contexto, o dano que esta a sufrir a economía é sen dúbida un dos aspectos máis graves nos que nos debemos centrar, debendo adoptar medidas concretas que contribúan a mellorar a situación xeral e que, na medida do posible, cheguen á cidadanía dun xeito directo a través de diferentes programas de axudas.

Con tal motivo, desde o Concello de Cangas procuramos que con esta liña de axudas directas ao sector empresarial local podamos contribuír á mellora da economía local e, ao mesmo tempo, podamos favorecer a mellora da calidade de vida de toda a nosa veciñanza. En concreto, esta convocatoria establece unha serie de axudas económicas encamiñadas a paliar, en parte, a perda de ingresos e/ou o incremento de gastos xerados en diversos sectores económicos, en concreto ocio nocturno, ocio infantil, hostalería, axencias de viaxes, ximnasia, formación/ensinanza non regrada ou servizos fotográficos, sempre que sexan pemes con ata 10 persoas empregadas e autónomos/as que viron afectada a súa actividade durante a pandemia, co fin de que os prexudicados por esta situación, poidan sufragar os gastos realizados ou devindicados dende o 14 de marzo de 2020 ata o 31 de marzo de 2021.

A creación desta liña de subvencións resposta á demanda que veñen solicitando os sectores afectados do noso municipio pola crise da COVID-19.



Concello de Cangas

A aprobación desta normativa dotará de transparencia e seguridade xurídica a todo o procedemento de concesión que se porá en marcha, redundando de xeito directo nun incremento dos niveis de eficacia e eficiencia na xestión do gasto público.

Visto canto antecede, propónse a adopción do seguinte

ACORDO

Aprobar as Bases específicas que rexerán a concesión de subvencións dirixidas a axudar aos sectores da hostalería e outras pequenas empresas e autónomos/as ante os efectos económicos da Covid-19, co texto que se insire a continuación:

BASES ESPECIFICAS QUE REXEN A CONCESIÓN DE AXUDAS A SECTORES ECONÓMICOS AFECTADOS POLA PANDEMIA DA COVID-19 NO ÁMBITO DO MUNICIPIO DE CANGAS.

Sobre a base destes antecedentes, fórmulase a presente convocatoria de axudas directas aos sectores económicos (ocio nocturno, ocio infantil, hostalería, axencias de viaxes ou ximnasios, formación/ensinanza non regrada ou servizos fotográficos, sempre que sexan pemes con ata 10 persoas empregadas e autónomos) que viron afectada a súa actividade durante a pandemia, recollidos no ANEXO II da presente convocatoria.

PRIMEIRA. OBXECTO DA SUBVENCIÓN

Con carácter xeral, o obxecto desta axuda única de carácter económico é paliar en parte a perda de ingresos e/ou o incremento de gastos xerados en varios dos sectores económicos afectados pola crise da COVID-19, en concreto o ocio nocturno, o ocio infantil, a hostalaría, , as axencias de viaxes, os ximnasios, a formación/ensinanza non regrada e os servizos fotográficos, sempre que sexan pemes con ata 10 persoas empregadas ou que sexas traballadores/as autónomos/as.



Concello de Cangas

A finalidade é promover, reactivar e contribuír ao mantemento da actividade económica, o emprego e a competitividade dos sectores citados no Anexo II con sede no municipio de Cangas, para que poidan facer fronte ás consecuencias da pandemia producida pola COVID-19, especialmente a aquelas relacionadas coa paralización da actividade e a forte diminución da súa actividade en aplicación das distintas medidas restritivas de protección fronte á COVID-19.

SEGUNDA. BENEFICIARIOS/AS

Poderán solicitar estas axudas as persoas físicas ou xurídicas integradas nos seguintes colectivos:

Autónomos/as e PEMES con ata dez persoas empregadas, que cumpran os requisitos seguintes:

a) Que a actividade estivese obrigada ao peche durante parte do ano 2020 e/ou 2021 debido ás medidas restritivas de protección fronte á COVID-19, tanto de ámbito estatal como autonómico.

b) Que se trate dunha actividade empresarial que se desenvolva en locais/establecementos dos sectores económicos seguintes: **ocio nocturno, ocio infantil, hostalería, axencias de viaxes, ximnasios, formación/ensinanza non regrada ou servizos fotográficos, de acordo co especificado no ANEXO II.**

c) Que dispoña de autorización municipal para o exercicio da actividade, que deberá encadrarse nunha das actividade especificadas no parágrafo b) anterior.

d) Que a actividade empresarial se exerza nun local/establecemento específico e situado no termo municipal de Cangas.

e) Que estea dado de alta no respectivo réxime da Seguridade Social ou na Mutua profesional correspondente e na Axencia Estatal da Administración Tributaria no momento da presentación da solicitude.

f) Que a persoa física no caso dos autónomos/as, ou a persoa que ostente a representación da empresa no caso das pemes, achegue unha declaración responsable asinada na que indique de xeito expreso se ten percibido ou solicitado outra axuda de natureza análoga polo mesmo concepto doutras administracións ou entidades de iniciativa social, indicando en caso contrario que non a percibiu nin a



Concello de Cangas

solicitou, así como que non ter pendente ningunha obriga por reintegro de subvencións.

No caso de que a axuda obxecto desta convocatoria sexa solicitada por unha comunidade de bens, unha sociedade civil ou outras entidades económicas sen personalidade xurídica, legalmente constituídas, que leven a cabo as actividades empresariais descritas no anterior parágrafo b), deberán facer constar expresamente, tanto na solicitude como na resolución de concesión, os compromisos de execución asumidos por cada un dos membro da agrupación, así como o importe da axuda a aplicar por cada un deles, que terán igualmente a consideración de beneficiarios. En calquera caso, deberá nomearse un representante ou apoderado único da agrupación, con poderes suficientes para cumprir as obrigas que, como beneficiario, corresponden á agrupación. Non poderá disolverse a agrupación ata que transcorrese o prazo de prescrición previsto nos artigos 39 e 65 da Lei Xeral de Subvencións.

Dada a natureza extraordinaria, tanto das actuacións subvencionables destas bases reguladoras como da situación de estado de alarma e emerxencia sanitaria da que derivan e que provocou que a meirande parte de persoas autónomas e empresas solicitaran aprazamento das súas obrigas tributarias, fronte a Seguridade Social ou á CCAA ou mesmo non poidan afrontar transitoriamente a cobertura das súas necesidades mínimas de liquidez, de acordo co establecido no artigo 10.2 da Lei 9/2007 de 13 de xuño de subvencións de Galicia, exímese ás persoas beneficiarias desta subvención do requisito de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e á Administración Pública da Comunidade autónoma de Galicia e o Concello de Cangas no momento da concesión da axuda, sempre que se dea a seguinte circunstancia, que deberá acreditarse perante a declaración responsable que figura no ANEXO I da presente convocatoria.

En todo caso, as persoas que non se atopen ao corrente das súas obrigas no momento que se lles conceda a subvención comprométense a que unha vez aboada esta, e en todo caso antes do 31 de marzo de 2022, se porán ao corrente do cumprimento das súas obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social, a Administración Pública da Comunidade Autónoma de Galicia e o Concello de Cangas.



Concello de Cangas

TERCEIRA. GASTOS SUBVENCIONABLES

Con carácter xeral, consideraranse subvencionables os seguintes gastos relacionados coa actividade da empresa, realizados e efectivamente pagados entre o 14 de marzo de 2020 e o 31 de marzo de 2021, a xustificar cos documentos indicados a continuación:

- **Alugueiros:** Recibo do pago de alugueiro do local no que se exerza a actividade económica, efectivamente pagado dentro do período que vai do 14 de marzo de 2020 ao 31 de marzo de 2021 . Deberá presentarse contrato do arrendamento en vigor do local comercial onde se desenvolva a actividade, ou documento asinado por arrendador e arrendatario que indiquen que o contrato esta en vigor
- **Subministracións:** Gastos de luz, gas, telefonía ou outras subministracións correspondentes ao local onde se exerza a actividade e que se pagaran dentro do período que vai do 14 de marzo de 2020 ao 31 de marzo de 2021.
- **Seguros sociais de autónomos:** Recibo de pago da cota (cuxos importes non fosen subvencionados ou bonificados). Do 14 de marzo de 2020 ata o 31 de marzo de 2021.
- **Salarios e seguridade social do persoal** vinculado coa prestación da actividade no establecemento para o cal se solicita a subvención. Neste caso deberá presentarse as nóminas e o xustificante bancario de pago, así como os recibos de liquidación de cotizacións (RLC) e a relación nominal de traballadores (RNT), e os xustificantes bancarios de pago (cuxos importes non fosen subvencionados ou bonificados).Do 14 de marzo de 2020 ata o 31 de marzo de 2021.
- **Compra de mercadorías** relacionadas coa actividade, xustificadas con facturas efectivamente pagadas entre o 14 de marzo de 2020 e o 31 de marzo de 2021.
- **Seguros de responsabilidade civil e accidentes** pagados do 14 de marzo de 2020 ata o 31 de marzo de 2021, xustificados con facturas efectivamente pagadas.
- **Gastos financeiros** directamente relacionados coa actividade, coa excepción dos gastos xerados por hipotecas, e que se pagaran entre o 14 de marzo de 2020 e o 31 de marzo de 2021, xustificados documentalmente.

As facturas deberán conter os seguintes datos:

- 1.- Emisión da persoa ou entidade beneficiaria con especificación do seu NIF ou CIF e enderezo fiscal.
- 2.- Identificación completa do proveedor, especificando a súa denominación, NIF ou CIF e enderezo fiscal.
- 3.- Número de factura.



Concello de Cangas

- 4.- Lugar e data da emisión da factura.
- 5.- Descrición suficiente da subministración realizada ou do servizo prestado, reflectindo as unidades obxecto do servizo ou subministración, cantidade e prezos unitarios de cada unha delas, contraprestación total, tipo tributario e cota do IVE.
- 6.- Período que corresponda.
- 7.- Xustificante bancario que acredite o pago da factura.

Só serán gastos subvencionables os que respondan de xeito indubidable á natureza da axuda e que ademais estean efectivamente pagados no momento da presentación da solicitude de subvención.

Para a xustificación dos gastos utilizaranse en todo caso os documentos orixinais ou copias compulsadas dos mesmos.

En virtude do artigo 29.8 da Lei 9/2007, non se consideran gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación nin os impostos persoais sobre a renda ou os xuros debedores de contas bancarias.

Os gastos teñen que ser pagados por transferencia bancaria, talón bancario, domiciliación bancaria ou cargo en conta a través de tarxeta. Non se aceptan gastos pagados en efectivo.

Estas axudas teñen carácter finalista polo que o importe da subvención concedida non poderá ser empregado para outros fins.

En ningún caso o importe a percibir superará o importe da xustificación acreditada.

CUARTA. COMPATIBILIDADE

Esta axuda será compatible con calquera outra concedida polas distintas administracións públicas con competencia neste eido, sempre que non superen o custo total dos gastos subvencionables.



Concello de Cangas

QUINTA. CONTÍA DA SUBVENCIÓN

O procedemento de outorgamento desta subvención consistirá en dividir o importe do crédito global (227.334,48 euros) entre as persoas solicitantes que reúnan os requisitos establecidos na convocatoria. Os locais/ establecementos de ocio nocturno poderán recibir a maiores unha axuda adicional de 350 € por empresa. En todo caso, o importe máximo de subvención a percibir non poderá superar os 3.000 euros por beneficiario/a.

En ningún caso o importe da subvención poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras Administracións Públicas ou doutros entes públicos ou privados, supere o custo total dos gastos xustificadas nesta convocatoria. Se así fora, este feito daría lugar a unha modificación da resolución da concesión. Así mesmo, toda alteración das condicións para a concesión da subvención poderá dar lugar, no seu caso, á modificación do acordo de concesión.

O aboamento das subvencións reguladas nesta orde realizarase polo cen por cento do importe da axuda concedida, mediante ingreso na conta corrente da que se achegará certificado de titularidade no momento da solicitude.

SEXTA. FINANCIAMENTO

O crédito global que se dispón para o outorgamento das subvencións a conceder será de 227.334,48 euros con cargo á seguinte aplicación orzamentaria do orzamento vixente: 439-480

Poderase ampliar a contía máxima dos créditos dispoñibles para esta convocatoria. O incremento do crédito estará condicionado á habilitación de crédito. .

En aplicación do artigo 58.2 do R.D. 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de subvencións, establécese unha contía adicional máxima de 200.000 € cuxa aplicación á concesión destas subvencións non requirirá dunha nova convocatoria.

A información contable relativa á execución das distintas aplicacións orzamentarias de subvencións/axudas será exposta ao público trimestralmente no portal de



Concello de Cangas

transparencia do Concello e, así mesmo, na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) no mes inmediatamente seguinte a aquel en que se conceda a subvención.

SÉTIMA. PRINCIPIOS DE XESTIÓN

A xestión deste programa realizarase de acordo cos seguintes principios:

- Publicidade, concorrencia non competitiva, obxectividade, transparencia, igualdade e non discriminación.
- Eficacia e eficiencia na asignación e na utilización dos recursos públicos. A concesión das subvencións previstas nesta orde estará suxeita á existencia de crédito orzamentario.

De conformidade co previsto no artigo 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, transmitiranse á Base de datos nacional de subvencións a información requirida por esta, o texto da convocatoria para a súa publicación na citada base e o seu extracto no BOPPO.

OITAVA. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

As persoas interesadas deberán presentar unha solicitude por establecemento.

As solicitudes de subvención dirixiranse á Sra. Alcaldesa e presentaranse preferentemente por medios electrónicos a través da Sede electrónica do Concello de Cangas (<https://cangas.sedelectronica.gal/>). Este xeito será obrigatorio para aquelas solicitantes que non sexan persoas físicas.

No caso de presentación presencial, as persoas interesadas presentarán a súa solicitude no modelo oficial, acompañada da documentación esixida e debidamente cuberta e asinada, no Rexistro Xeral do Concello de Cangas ou por calquera dos medios indicados no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Neste caso poderá ser precisa a cita previa.

O prazo de presentación das solicitudes será de 20 días naturais contados a partir do día seguinte da publicación desta convocatoria no BOPPO



Concello de Cangas

A solicitude de subvención deberá formularse nos modelos normalizados que estarán publicados na sede electrónica do Concello de Cangas (cangas.sedelectronica.gal)

AXUDAS A SECTORES ECONÓMICOS AFECTADOS POLA PANDEMIA DA COVID-19 NO ÁMBITO DO MUNICIPIO DE CANGAS.

Xunto coa solicitude deberá presentarse a SEGUINTE DOCUMENTACIÓN:

A) DOCUMENTACIÓN XERAL:

No caso das *persoas físicas*:

a) Solicitude segundo o modelo oficial (ANEXO I), debidamente cuberta en todos os seus apartados. No caso de cubrirse a man, procurarase que a escrita resulte facilmente lexible. Así mesmo, no caso de que a solicitude a presente unha persoa diferente á solicitante da axuda (persoa física), deberá achegarse poder suficiente para actuar no seu nome.

b) Fotocopia do DNI ou documento identificador, válido no territorio nacional, da persoa solicitante da subvención.

c) Certificado actualizado da súa situación no censo que indique a actividade económica coa fecha de alta, o domicilio fiscal e do local do desenvolvemento da actividade, acompañado da autorización municipal correspondente para o exercicio da actividade no establecemento.

d) Resolución ou certificación do alta no réxime especial de traballadores/as autónomos/as ou na mutua profesional correspondente.

e) Documento expedido pola entidade financeira na que conste a conta bancaria na que se deba facer o ingreso do importe da axuda e cuxo titular sexa o mesmo solicitante.

f) Documentos que acrediten o gasto admitido para a concesión e xustificación desta axuda.

g) No caso de xustificar esta axuda co alugueiro do local, deberá presentarse contrato do arrendamento en vigor do local comercial onde se desenvolva a

9



Concello de Cangas

actividade ou documento asinado por arrendador e arrendatario que indiquen que o contrato esta en vigor, asi como o xustificante de ter realizado o pago correspondente ao mes inmediatamente anterior á data na que se presente a solicitude.

No caso das *persoas xurídicas, sociedades civís, comunidades de bens ou outras entidades económicas sen personalidade xurídica*:

- a) Solicitude segundo o modelo oficial (ANEXO I), debidamente cuberta en todos os seus apartados. No caso de cubrirse a man, procurarase que a escrita resulte facilmente lexible. Asi mesmo, no caso de que a solicitude a presente unha persoa diferente á que ostenta a representación da empresa, deberá achegarse poder suficiente para actuar no seu nome.
- b) NIF da persoa xurídica, sociedade civil, comunidade de bens ou outras entidades económicas sen personalidade xurídica.
- c) Certificado da situación no censo da persoa xurídica, sociedade civil, comunidade de bens, ou outras entidades económicas sen personalidade xurídica que indique a actividade económica coa data de alta, o domicilio fiscal e, no seu caso, o local de desenvolvemento da actividade acompañado da autorización municipal correspondente para o exercicio de dita actividade no establecemento.
- d) Acreditación dos poderes da persoa administradora e da que presenta a solicitude, no caso de non ser a mesma.
- e) Fotocopia do DNI ou documento identificador, válido no territorio nacional, da persoa administradora e da persoa que presenta a solicitude, no caso de non ser a mesma.
- f) Documento expedido pola entidade financeira na que conste a conta bancaria na que se deba facer o ingreso do importe da axuda e cuxo titular sexa o mesmo solicitante.



Concello de Cangas

- g) Alta no réxime da Seguridade Social correspondente da persoa administradora ou da persoa xurídica.
- h) Documentos que acrediten o gasto admitido para a concesión e xustificación desta axuda.
- i) No caso de xustificar esta axuda co alugueiro do local, deberá presentarse contrato do arrendamento en vigor do local comercial onde se desenvolva a actividade ou documento asinado por arrendador e arrendatario que indiquen que o contrato esta en vigor, así como o xustificante de ter realizado o pago correspondente ao mes inmediatamente anterior á data na que se presente a solicitude.

B) DECLARACIÓN RESPONSABLE:

Declaración responsable (ANEXO I) que conterá os seguintes apartados:

1. Que coñece e acepta integramente o contido das bases desta convocatoria, cumprindo a totalidade de requisitos que nelas se recollen.
2. Que perante a Seguridade Social, figura dado/a de alta como autónomo/a en calquera dos epígrafes das actividades que recollen estas bases.
3. Que, en cumprimento das diferentes medidas de prevención específicas ditadas por mor da situación epidemiolóxica xerada pola Covid-19, estatais e/ou autonómicas, procedeu ao peche temporal da súa actividade habitual do negocio do que é titular e/ou cotitular.
4. Que a súa actividade se desenvolve dentro do termo municipal de Cangas, nun establecemento específico e con licencia de apertura vixente.
5. Que solicita a concesión directa da axuda que lle corresponde segundo o establecido nestas bases.
6. Que manterá a alta no seu réxime de Seguridade Social, por un mínimo de 3 meses dende a recepción desta subvención.
7. Que comunicará de forma oficial ao Concello calquera modificación nos apartados anteriores.



Concello de Cangas

8. Que, no caso de non atoparse ao corrente das súas obrigas no momento de concedérselle a subvención, unha vez aboada esta e en todo caso antes do 31 de marzo de 2022, comprométense a poñerse ao corrente do cumprimento das súas obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social, a Administración Pública da Comunidade Autónoma de Galicia e o Concello de Cangas.

Tendo en conta o establecido no parágrafo último da base segunda da presente convocatoria, o Concello de Cangas non compensará coa concesión desta axuda a existencia de débedas que no seu caso o beneficiario puidera ter con esta Administración Local, a Seguridade Social, Facenda e/ou a AEAT. Unicamente se comprobará a existencia de licenza municipal, comprobación que as persoas solicitantes aceptan de xeito expreso.

NOVENA. EMENDA DAS SOLICITUDES

A unidade de tramitación comprobará se a documentación presentada reúne os requisitos esixidos nesta convocatoria e, no suposto de que se observe algún defecto ou sexa incompleta a documentación, de conformidade co disposto no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, requirirá a persoa interesada para que nun prazo de 10 días hábiles emende a falta ou presente os documentos preceptivos, coa advertencia de que, se así non o fixer, se considerará á persoa ou entidade interesada desistida da súa petición, logo da resolución, que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 21 da antedita lei.

Dito requirimento realizarase de xeito telemático, e mediante envío ao correo electrónico indicado para eses efectos no anexo de solicitude de subvención, e o interesado/a recibirá aviso de ter unha notificación a súa disposición na Sede electrónica do Concello de Cangas.

DÉCIMA. TRAMITACIÓN E PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN

O procedemento de concesión destas axudas iniciarase a instancia da persoa interesada no tempo e forma indicados nestas bases.



Concello de Cangas

A concesión das axudas realizarase de forma individualizada, previa valoración técnica por parte do persoal do Concello de Cangas, con estrita suxeición a estas bases e á existencia da correspondente consignación orzamentaria.

Corresponde ao Concello de Cangas, en particular ao persoal adscrito á Concellería de Desenvolvemento Económico, Emprego e Persoal, facilitar información, asesoramento e orientación ás persoas ou entidades interesadas no relacionado cos requisitos, documentación e contías desta subvención. Así mesmo, recibirán as solicitudes e realizarán a súa valoración técnica comprobando que o expediente se atope completo con toda a documentación que se require nestas bases ou, no seu caso, tamén con outra documentación adicional que puidera necesitar o Concello para realizar unha correcta valoración técnica. De acordo co establecido no artigo 68.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común, para aquelas solicitudes que non estean correctamente cubertas ou non acheguen os documentos preceptivos, segundo se concreta no parágrafo seguinte, o Concello requirirá a persoa ou entidade interesada para que, nun prazo de dez días hábiles, emende as faltas ou remita os documentos preceptivos. De non facelo, considerarase que desistiu da súa petición e arquivarase o expediente nos termos previstos na citada lei.

Por tanto, a instrución do procedemento corresponderá ao persoal adscrito á Concellería de Desenvolvemento Económico, Emprego e Persoal, baixo a dirección do director de Desenvolvemento Local, o cal realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para o coñecemento e comprobación dos datos. Tamén será o encargado de requirir ás persoas solicitantes a emenda das deficiencias. Para a instrución do expediente o persoal instrutor poderá contar co apoio de persoal municipal doutos departamentos.

Avaliadas as solicitudes segundo os criterios, formas e prioridades establecidas nestas bases de convocatoria, elevará as mesmas a unha Comisión de Valoración integrada polos seguintes membros:

Presidenta: Dna. Sagrario Martínez Ferrari./ Suplente: Dna. María Aurora Prieto Gago.

Secretario: D. Fabián Fernández Gómez./ Suplente: Dna. Carmen Fandiño Docío

Vocal 1: D. Mariano Abalo Costa./ Suplente: D. Adrián Pena Rey.

Vocal 2: D. Eugenio González Fernández./ Suplente: Dna. Ingrid Mihaela Loredana Oprea.



Concello de Cangas

Vocal 3: D. Luis Martínez Domínguez./ Suplente: Dña. Mercedes Martínez Barreiro

No caso de ter que variar as persoas da comisión ou nomear suplentes, designaranse por Resolución da Alcaldía.

A Comisión recollerá en acta a proposta provisional de concesión da subvención, a cal deberá estar motivada e expresar as persoas solicitantes para as que se propón a concesión de subvención e a súa contía. Un extracto resumo desta proposta provisional publicarase no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello, abríndose un prazo de reclamación de 10 días hábiles, a contar desde o día seguinte á publicación. Transcorrido ese prazo, e unha vez resoltas as reclamacións, a proposta elevarase a definitiva. Xunto con esta proposta definitiva, a persoa encargada da súa instrución emitirá un informe no que se estableza que da información que consta no seu poder se desprende que as persoas beneficiarias cumpren con tódolos requisitos necesarios para acceder ás mesmas.

Posteriormente, a proposta definitiva pasará á Intervención Municipal para que esta realice a fiscalización da mesma de acordo co RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

UNDÉCIMA. RESOLUCIÓN E RECURSOS

A concesión das subvencións realizarase mediante resolución da Sra. Alcaldesa, de acordo coas presentes bases da convocatoria.

A resolución de concesión emitirase atendendo á documentación presentada e ás manifestacións contidas nas declaracións responsables recollidas no formulario de solicitude, subscrita polo persoa que a realiza, baixo a súa responsabilidade e coas repercusións que ten a súa falsidade reguladas na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

A resolución será publicada no taboleiro de anuncios en na páxina web do Concello, e será notificada ás persoas beneficiarias con carácter individual.

Se no prazo de dez días hábiles as persoas beneficiarias non manifestaran o contrario, entenderase que aceptan a subvención quedando suxeitas ás obrigas derivadas da normativa sobre axudas e subvencións.



Concello de Cangas

O prazo máximo para resolver e notificar é de 3 meses, que se computarán desde a data de peche do prazo de presentación de solicitudes no rexistro do órgano competente para a súa tramitación. Transcorrido o devandito prazo sen que se ditase resolución expresa, entenderase desestimada a solicitude, de acordo co establecido no artigo 23.5 da Lei de subvencións de Galicia.

Contra este acordo, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo dun mes dende o día seguinte ao da súa notificación de acordo co establecido no artigo 124.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado Contencioso Administrativo de Vigo no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da súa notificación, conforme aos artigos 8.1 y 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición Contencioso-Administrativa.

De interpoñerse o recurso potestativo de reposición, este se resolverá e notificará no prazo dun mes segundo establece o artigo 124.2 da citada Lei 39/2015, entendéndose desestimado o recurso de reposición polo transcurso do mencionado prazo sen resolución expresa notificada, podendo entón os interesados interpoñer recurso contencioso-administrativo dentro do prazo de seis meses contados dende o día seguinte a aquel en que se deba entender presuntamente desestimado o recurso de reposición interposto, de acordo co artigo 46.1 e 4 da Lei 29/1998.

O acordo de concesión non terá obrigatoriamente que distribuír a totalidade do crédito.

As axudas non xerarán ningún dereito a obtención doutras subvencións, e non se poderán alegar como precedente.

DUODÉCIMA. PAGO E XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN

Xunto coa presentación da solicitude acompañarase a documentación xustificativa que, segundo o previsto nestas bases, se desexe que se valore. A xustificación será obrigatoria para o libramento dos fondos por parte do Concello. Coa xustificación deberase notificar o importe do resto de fondos que financien os gastos subvencionados, así como a súa procedencia. No caso de obtención de subvencións



Concello de Cangas

ou axudas doutras Administracións ou organismos, achegarase copia das facturas xustificativas das mesmas que deberán corresponder co período subvencionado pola devandita administración.

A xustificación, que será baixo a responsabilidade da persoa ou entidade declarante, farase coa presentación da documentación do mesmo xeito que o recollido na base terceira, dos formularios correspondentes, debidamente cubertos, que conterán a documentación xustificativa dos gastos realizados e a certificación das actividades realizadas coa finalidade para a que foi concedida a axuda.

DÉCIMO TERCEIRA. REINTEGRO VOLUNTARIO DAS SUBVENCÍONS

1. De acordo co establecido no artigo 64 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, as persoas beneficiarias poderán realizar, sen o requirimento previo da Administración, a devolución total ou parcial da subvención concedida, mediante o seu ingreso na conta que indicará o Departamento de Tesourería, en concepto de devolución voluntaria da subvención.
2. A tal efecto presentarán escrito dirixido ao órgano instrutor destas axudas, é dicir ao departamento de Desenvolvemento Local do Concello, informando da renuncia á axuda e solicitando o número de conta a efectos de reintegro. Unha vez comprobado polo órgano instrutor que se ten presentada toda a documentación pertinente, lle dará traslado do expediente ao departamento de Intervención.
3. En todo caso, a persoa beneficiaria deberá presentar no rexistro do Concello copia xustificativa da devolución voluntaria realizada, na cal consten os datos de identificación do titular da axuda concedida, a data do ingreso, o seu importe e o número do expediente.

DÉCIMO CUARTA. OBRIGAS DOS/AS BENEFICIARIOS/AS

Son obrigas das persoas beneficiarias das subvencións as sinaladas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, en especial as seguintes:

1. As empresas beneficiarias da axuda deberán manter a actividade empresarial durante un tempo mínimo de tres meses desde a concesión da subvención.



Concello de Cangas

2. As persoas traballadoras autónomas beneficiarias da axuda deberán manter a alta no RETA durante un tempo mínimo de tres meses desde a concesión da subvención.
3. Todas as persoas beneficiarias (físicas e xurídicas), deberán comunicarlle ao Concello de Cangas calquera modificación das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, así como dos compromisos e obrigas asumidas polas beneficiarias e, de ser o caso, a obtención concorrente de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas.
5. Todas as persoas beneficiarias (físicas e xurídicas), deberán someterse ás actuacións de control, comprobación e inspección que poderá efectuar o Concello de Cangas e achegar canta información lles sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
Así mesmo, o Concello deberá subministrar a información e a documentación, que en virtude das facultades de comprobación das subvencións, lle sexa requirida pola Deputación e no prazo establecido ao efecto.
6. Todas as persoas beneficiarias (físicas e xurídicas) deben manter unha pista de auditoría suficiente e ter na contabilidade de xeito separado o ingreso da axuda percibida, así como conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos durante os dous anos seguintes a súa concesión.
7. Todas as persoas beneficiarias (físicas e xurídicas), deberán proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e nos casos previstos nesta convocatoria.
8. Todas as persoas beneficiarias (físicas e xurídicas), estarán suxeitas a aquelas outras obrigas establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
9. Todas as persoas beneficiarias (físicas e xurídicas), deberán dar publicidade do financiamento desta subvención mediante a instalación do cartel que se recolle no ANEXO III, en tamaño DIN A4, nun lugar visible do seu local comercial. O mesmo deberá estar exposto dende a concesión da subvención, e polo período dun ano.



Concello de Cangas

DÉCIMO QUINTA. SEGUIMIENTO, CONTROL E INSPECCIÓN

O Concello de Cangas, polos medios que estime oportunos e conforme á normativa en materia de subvencións, comprobará o cumprimento da realización das actividades e o cumprimento dos requisitos e condicións baixo as cales se concedeu a subvención.

Para tales efectos, poderá subscribir contratos para a realización de programas de auditorías das axudas.

DÉCIMO SEXTA. PERDA DO DEREITO AS AXUDAS, REINTEGRO E RÉXIME SANCIONADOR

1. Procederá a perda do dereito ao cobramento das axudas, así como o reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a exixencia do xuro de demora correspondente desde o momento do pagamento da subvención ata a data en que se acorde a procedencia do reintegro, nos casos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. A obtención, falseando as condicións requiridas ou ocultando aquelas que o impidisen, dará lugar á perda do dereito ao cobramento da totalidade da axuda e ao seu reintegro. Esta circunstancia é constitutiva dunha infracción moi grave, segundo o artigo 53.a) da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, e poderanse impoñer as sancións, recollidas no artigo 61.1 da mesma lei, de multa pecuniaria proporcional do dobre á tripla da cantidade indebidamente obtida.

DÉCIMO SÉTIMA. TRATAMENTO DOS DATOS

De conformidade co establecido na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e Garantía dos Dereitos Dixitais e a súa normativa de desenvolvemento e ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación de estes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), así como das disposicións en materia de Protección de Datos que se atopen vixentes durante o período de vixencia destas bases, informámolo de que este Concello é o responsable do tratamento e garda dos datos achegados na instancia e na



Concello de Cangas

documentación que lle acompaña. A finalidade do tratamento dos datos é a xestión deste procedemento.

Os datos persoais non serán comunicados a un terceiro, a non ser que deban facilitarse en cumprimento dunha obrigação legal.

Os datos serán conservados o tempo necesario para poder levar a cabo o rexistro e as accións para as que se lle solicitou o consentimento.

Pode retirar o consentimento en calquera momento, podendo exercitar os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación, oposición e portabilidade, cando este último legalmente proceda, enviando unha comunicación ao enderezo electrónico planconcello@cangas.gal

Infórmase do dereito para presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos, C/ Jorge Juan, 6, 28001 Madrid (www.agpd.es)

Así mesmo, de conformidade co establecido na letra d) do apartado 2 do artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as persoas interesadas poderán facer constar na súa solicitude o seu dereito a que non se fagan públicos os seus datos cando a publicación dos mesmos en razón do obxecto da subvención poida ser contraria ao respecto e salvagarda do honor e á intimidade persoal e familiar das persoas físicas en virtude do establecido na Lei Orgánica 1/1982, do 5 de maio, de Protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, e sexa previsto na súa normativa reguladora.

DISPOSICIÓNS FINAIS

1. En todo aquilo non previsto nas presentes bases estarase ao establecido nas disposicións legais vixentes aplicables na materia de subvencións.
2. Esta convocatoria entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no BOPPO.

A ALCALDESA- PRESIDENTA



ANEXO I

PROCEDEMENTO	DOCUMENTO
SOLICITUDE DE AXUDAS A SECTORES AFECTADOS COVID-19 CONCELLO DE CANGAS	SOLICITUDE

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE							
NOME/RAZÓN SOCIAL		PRIMEIRO APELIDO		SEGUNDO APELIDO		NIF	
TIPO	NOME DA VÍA			NÚM.	BLOQ.	ANDAR	PORTA
PARROQUIA				LUGAR			
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA		CONCELLO		LOCALIDADE		
TELÉFONO 1	TELÉFONO 2	CORREO ELECTRÓNICO					

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)							
NOME/RAZÓN SOCIAL		PRIMEIRO APELIDO		SEGUNDO APELIDO		NIF	

DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN							
Enviaranse avisos da posta á disposición da notificación no correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir e que poderán cambiar en calquera momento a través da sede electrónica do Concello de Cangas.							
TELÉFONO MÓBIL				CORREO ELECTRÓNICO			
ELECCIÓN DO MEDIO DE NOTIFICACIÓN PREFERENTE							
As persoas obrigadas a relacionarse a través de medios electrónicos coa Administración deberán optar, en todo caso, pola notificación por medios electrónicos, sen que sexa válida para elas nin produza efectos unha opción diferente.							
● Electrónica , a través do Sistema de notificación electrónica Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico ou eDNI.							
● Postal (cubrir o enderezo postal só se é distinto do indicado anteriormente).							
TIPO	NOME DA VÍA			NÚM.	BLOQ.	ANDAR	PORTA
PARROQUIA				LUGAR			
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA		CONCELLO		LOCALIDADE		

SOLICITUDE							
Obxecto da subvención: Actividades obrigadas ao peche en ao menos parte dos anos 2020 e/ou 2021							
Nome comercial do establecemento:				Actividade (indicar epígrafe IAE):			
Enderezo completo do establecemento:				Ocio nocturno: <input type="checkbox"/> si <input type="checkbox"/> non			
Contía solicitada:		Número medio de persoas traballadoras no 2021 ata a data de presentación da solicitude:					

DATOS BANCARIOS										
Declaro baixo a miña responsabilidade que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.										
TITULAR DA CONTA				NÚMERO DA CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)						
				IBAN						



A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA:

1. Que coñece e acepta integramente o contido das bases desta convocatoria, cumprindo a totalidade de requisitos que nelas se recollen
2. Que perante a Seguridade Social, figura dado/a de alta como autónomo/a en calquera dos epígrafes das actividades que recollen estas bases.
3. Que en cumprimento das diferentes medidas de prevención específicas ditas por mor da situación epidemiolóxica xerada pola Covid-19, estatais e/ou autonómicas, procedeu ao peche temporal da súa actividade habitual do negocio do que é titular e/ou cotitular.
4. Que a súa actividade se desenvolve dentro do termo municipal de Cangas, nun establecemento específico e con licenza de apertura vixente.
5. Que solicita a concesión directa da axuda que lle corresponde segundo o establecido nestas bases.
6. Que manterá a alta no seu réxime de Seguridade Social, por un mínimo de 3 meses dende a recepción desta subvención.
7. Que manterá a actividade empresarial, por un mínimo de 3 meses dende a recepción desta subvención.
8. Que comunicará de forma oficial ao Concello calquera modificación nos apartados anteriores.
9. Que, no caso de non atoparse ao corrente das súas obrigas no momento de concedérselle a subvención, unha vez aboada esta e en todo caso antes do 31 de marzo de 2022, comprométense a poñerse ao corrente do cumprimento das súas obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social, a Administración Pública da Comunidade Autónoma de Galicia e o Concello de Cangas.
10. Que en cumprimento do artigo 25 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, non ten pendente ningunha obriga por reintegro de subvencións.
11. Que no caso de tratarse dunha comunidade de bens, cooperativa, sociedade civil ou outra entidade económica sen personalidade xurídica, non se disolverá ata que transcorra o prazo de prescrición previsto nos artigos 39 e 65 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, de acordo co establecido no artigo 11 de dita Lei. Que aos efectos do artigo 11, declárase que os compromisos de execución asumidos por cada un dos membros da agrupación, así como o importe de subvención a aplicar por cada un deles, serán asumidos por partes iguais.
12. Que o número medio de traballadores/as na empresa no que vai do ano 2021 e ata a data de presentación da solicitude é inferior a dez.
13. Que se compromete a cumprir as obrigas indicadas na base décimo cuarta das presentes bases de convocatoria, e en particular ás referidas á publicidade, mediante a colocación en lugar visible do cartel que se recolle no ANEXO III.
14. Que, en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:
 - Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto ou conceptos para os cales se solicita esta subvención.
 - Si solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para este mesmo proxecto ou conceptos para os cales se solicita esta subvención, que son as que a seguir se relacionan:

ORGANISMO	IMPORTE

15. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA- PERSOAS FÍSICAS (marcar si/non)

- DNI, NIE ou documento identificador en vigor da persoa solicitante da subvención
- Certificación do IAE indicando epígrafe da actividade económica, data de alta, e domicilio fiscal do local
- Acreditación da representación da persoa que presenta a solicitude, en caso de non ser a solicitante.
- Licencia de apertura do local
- Alta no réxime especial de autónomos ou na mutua profesional correspondente da persoa solicitante
- Documento expedido pola entidade financeira na que conste a conta bancaria na que se deba facer o ingreso do importe da axuda e cuxo titular sexa o mesmo solicitante.
- Documentos que acrediten o gasto admitido para a xustificación da axuda segundo o establecido na base terceira, e contrato de arrendamento en vigor se procede.

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA- PERSOAS XURÍDICAS, C.BS, OU OUTRAS ENTIDADES (marcar si/non)

- NIF da persoa xurídica, sociedade civil, comunidade de bens ou outras entidades económicas sen personalidade xurídica
- Certificación do IAE indicando epígrafe da actividade económica, data de alta e domicilio fiscal e do local
- Licencia de apertura do local
- Acreditación dos poderes da persoa administradora e da que presenta a solicitude, en caso de non ser a mesma.
- DNI, NIE ou documento identificador en vigor da persoa administradora, e da persoa que presenta a solicitude en caso de non ser a mesma.
- Alta no réxime da Seguridade Social correspondente da persoa administradora ou da persoa xurídica.
- Documento expedido pola entidade financeira na que conste a conta bancaria na que se deba facer o ingreso do importe da axuda e cuxo titular sexa o mesmo solicitante.
- Documentos que acrediten o gasto admitido para a xustificación da axuda segundo o establecido na base terceira, e contrato de arrendamento en vigor se procede.



Concello de Cangas

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS	
Responsable do tratamento	De conformidade co establecido na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais e a súa normativa de desenvolvemento e ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación de estes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), así como das disposicións en materia de Protección de Datos que se atopen vixentes durante o período de vixencia destas bases, informámolo de que este Concello é o responsable do tratamento e garda dos datos achegados na instancia e na documentación que lle acompaña.
Finalidades do tratamento	<i>A finalidade do tratamento dos datos é a xestión deste procedemento.</i>
Lexitimación para o tratamento	<i>Lexitimación do Concello para o tratamento de datos persoais: Bases e convocatoria de axudas a sectores económicos afectados pola pandemia da COVID-19 no ámbito municipal do municipio de Cangas.</i>
Destinatarios dos datos	<i>O Concello do Cangas para a xestión deste procedemento. Os datos persoais non serán comunicados a un terceiro, a non ser que deban facilitarse en cumprimento dunha obrigaón legal. Os datos serán conservados o tempo necesario para poder levar a cabo o rexistro e as accións para as que se lle solicitou o consentimento.</i>
Exercicio de dereitos	<i>Pode retirar o consentimento, no caso de que o outorgara, en calquera momento, podendo exercitar os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación, oposición e portabilidade, cando este último legalmente proceda, enviando unha comunicación ao enderezo electrónico: planconcello@cangas.gal Infórmaselle do dereito para presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos C/ Jorge Juan, 6, 28001 Madrid (www.agpd.es) Así mesmo, de conformidade co establecido na letra d) do apartado 2 do artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, os interesados poderán facer constar na súa solicitude o seu dereito a que non se fagan públicos os seus datos cando a publicación dos datos do beneficiario en razón do obxecto da subvención poida ser contraria ao respecto e salvagarda do honor e á intimidade persoal e familiar das persoas físicas en virtude do establecido na Lei Orgánica 1/1982, do 5 de maio, de Protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, e sexa previsto na súa normativa reguladora.</i>
Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información	https://cangas.gal

LEXISLACIÓN APLICABLE

Convocatoria de axudas a sectores económicos afectados pola pandemia da Covid-19 no ámbito do municipio de Cangas, e en todo aquilo non previsto nas citadas bases, nas disposicións legais vixentes aplicables en materia de subvencións.

[SIGNATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE]

Lugar e data

,

de

de



Concello de Cangas

Poderán ser beneficiarios das axudas reguladas na presente convocatoria os titulares das actividades que se expoñen de seguido, sempre e cando cumpran os restantes requisitos esixidos nestas bases: actividades obrigadas ao peche en cumprimento, entre outras normas, do estipulado na Orde do 26 de xaneiro de 2021, pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, en concreto dos seguintes sectores , e epígrafes:

- Ocio nocturno
- Ocio infantil
- Hostalaría
- Axencias de viaxes
- Ximnasios
- Formación/ ensinanza non regrada
- Servizos fotográficos

HOSTALARÍA E OCIO NOCTURNO

671 Servizos en restaurantes.

672 Cafeterías.

673 Cafés e bares, con e sen comida.

673.2 Outros cafés e bares

674.5 Servizos que se presten en sociedades, círculos, casinos, clubs e establecementos análogos.

676 Servizos en chocolaterías, xeadarías e orchatarías.

681 Servizo de hospedaxe en hoteis e moteis.

682 Servizo de hospedaxe en hoteis e pensións.

683 Servizo de hospedaxe en fondas e casas de hóspedes.

684 Servizo de hospedaxe-apartamentos.

685 Aloxamentos turísticos extrahoteleiros

687 Campamentos turísticos.

9651 Espectáculos en salas e locais

969.1 Salas de baile e discotecas.



Concello de Cangas

969.5 Xogos de billar, pimpón, bolos e outros.

OCIO INFANTIL

981.2 Xardíns de recreo

AXENCIAS DE VIAXES

755 Axencias de viaxes.

XIMNASIOS

967 Instalacións deportivas e escolas e servizos de perfeccionamento do deporte.

FORMACIÓN/ ENSINANZA NON REGRADA

933.1 Ensinanza de condución de vehículos

933.9 Outras actividades de ensinanza

SERVIZOS FOTOGRÁFICOS

973.1 Servizos fotográficos

ANEXO III: MODELO DE CARTEL



Concello de Cangas



ESTE ESTABLECEMENTO É BENEFICIARIO DAS AXUDAS A SECTORES ECONÓMICOS AFECTADOS POLA PANDEMIA DA COVID-19 NO ÁMBITO DO MUNICIPIO DE CANGAS, FINANCIADAS CO PLAN CONCELLOS 2021 DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA.

Tamaño (DIN A4)